



VIOLENCIA ESCOLAR: PLAN RENOVE DA CONVIVENCIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

José DOMÍNGUEZ ALONSO*
CEIP de Sandiás (Ourense- España)

Data de recepción: 15/06/2007
Data de aceptación: 21/11/2007

RESUMO

O proceso de desenvolvemento e cambios sociais que se viven na sociedade actual, e que afectan á infancia e á mocidade, lévannos a seguir esbozando actuacións de mellora da convivencia nos centros educativos que favorezan a situación de ensinanza-aprendizaxe nos mesmos. Pártese dunha reflexión sobre este fenómeno nun marco máis amplo da convivencia escolar, para describir, a continuación as medidas que a Comunidade Autónoma Galega pon en marcha coa creación do Observatorio Galego de Convivencia Escolar, como un órgano con capacidade de analizar, recoller e facer propostas de actuación para favorecer e mellorar as relacións nos centros escolares. Remata o artigo con medidas ou propostas para apoiar e axudar á comunidade educativa (pais/nais-profesorado-alumnado) nesta difícil tarefa.

PALABRAS CHAVE: Educación, violencia, convivencia escolar.

SUMMARY

The process of development and social changes lived at present, that concern the infancy and the youth, lead us to designing performances that improve the living together in the educational centers in favor of the situations of education - learning. We begin with a reflection on this phenomenon in a more wide frame of the school living together. Later we describe the measurements that the Autonomous Galician Community starts with the recent creation of the Galician Observatory of the School Living together. It is a question of an organ with capacity to analyze, to gather and do offers of performance to favor and to improve the living together in the educational centers. Finally, measurements or offers are established to rest to the educational community (parents / mother, professorship, student body) on this difficult task.

KEY WORDS: education, violence, school cohabitation.

“A nosa sociedade está tomando conciencia dun problema que xenera unha grande preocupación social, a *violencia escolar*, tan antigo e estendido como a propia escola tradicional, no que se produce un modelo ancestral de relación, de dominio-sumisión, que representa a antítese do que queremos ser, dos valores democráticos cos que nos identificamos: a igualdade, o respecto mutuo, a tolerancia e a paz”

(DÍAZ-AGUADO, 2006: xiii).

1. INTRODUCCIÓN

Na actualidade, as novas condutas sociais poñen de manifesto a incertidume e a provisionalidade que estan vivindo as institucións familiares e escolares, “nunha sociedade ‘light’, superficial, con valores débiles e onde case todo está permitido, parece que o temor dos adultos a educar as novas xeneracións esta resultando devastador” (Boqué, 2007: 14). Desde esta perspectiva, a violencia nos centros educativos aparece como un microcosmos da violencia social (Monclús & Saban, 2006) e constitúe un dos problemas máis importantes que padece hoxe en día o sistema educativo (Uruñuela, 2006).

Asimesmo, as situacións que durante moitos anos foron consideradas como conflitos entre alumnos/as ou brotes illados de indisciplina, dan paso ao que hoxe se describe como “violencia escolar”, o que esta causando unha certa alarma social que preocupa seriamente aos membros das comunidades educativas. Como sosteñen Aran, Barata, Busquet & Medina (2001: 30) “algunhas accións aceptadas e percibidas como un feito normal en sociedades tradicionais son vistas hoxe como formas de comportamento violento completamente inaceptables”. Sábese que os incidentes de violencia escolar sempre ocorreron (Shaw, 2004), só que recentemente recibiron máis atención debido a:

– Publicidade e atención dos medios de comunicación, opinión pública e gobernos.

– Cambio de actitude no impacto das condutas violentas.

– Proceso de consolidación da investigación sobre o risco da violencia escolar e as prácticas efectivas.

En calquera caso, os fenómenos de violencia escolar producíronse sempre, con igual, maior ou menor intensidade, pero hoxe en día, son máis visibles porque afectan a máis persoas e os medios de comunicación, os pais e nais, e sociedade en xeral, fixéronse máis sensibles a todo o relacionado coa educación e, especialmente, a este tipo de fenómenos. Se cadra tamén, poida deberse a vivir nun clima de permisividade e tolerancia ante certo tipo de actitudes a nivel escolar, que non é máis que o reflectir da laxitude no cumprimento das normas sociais en xeral. Este feito condúcenos a normalizar o habitual, de forma que tendemos a considerar normal todo aquilo que acontece ante nós e asumilo como algo aceptable, “a violencia non é unha conduta automática, é fundamente cultural e está vinculada ao proceso de socialización” (Sanmartín, 2005: 13).

Cómpre pois, entender que a violencia escolar é un problema de todos, un problema social que nos afecta, pero tamén é unha conduta aprendida que se pode modificar (Alberdi & Rojas, 2005), que é posible educar e socializar aos nenos/as en contra da violencia ou acoso para ser capaces de non recorrer á mesma para solucionar os seus conflitos. A mellora da convivencia é prioritaria para toda a sociedade, e en especial no eido educativo, que require da investigación e reconstrución de novas prácticas docentes e “estilos de vida” nos centros, para superar a visión da escola tradicional respecto á violencia: tendencia a minimizala, pasividade, e ausencia dun tratamento axeitado en relación á diversidade do seu alumnado (Díaz-Aguado, 2005).

Así, un primeiro atisbo de intento na redución e prevención das condutas antisociais nos

centros educativos para que sexan espazos harmónicos e seguros de convivencia, trátase na “Primeira Conferencia sobre seguridade na escola” celebrada en Utrech (Países Baixos) en febreiro de 1997 (Zabalza, 1999). Nembargantes, a día de hoxe, o gran reto social e educativo segue sendo contribuir a que o mundo sexa un lugar idóneo para traballar sen ningún tipo de violencia. No noso país, e máis concretamente na nosa comunidade autónoma, non se fixo máis que empezar en canto a posta en marcha de programas ou plans de prevención e tratamento dos fenómenos que entran a formar parte da chamada “violencia escolar”.

Os educadores son conscientes da envergadura da temática, e saben que deben bosquexala en termos positivos, convertendo os centros en espazos axeitados para a aprendizaxe da convivencia. As principais solucións adoptadas para erradicar as condutas violentas, “xa que só nos interesa erradicar a súa manifestación” (Pino, 2002: 205), son os asiduos castigos. Pero, na actualidade, non parece válida a represión (castigo) nen a derivación cara a instancias xurídicas deste problema, nin tampouco a postura de ignoralo ou ocultalo, pois a longo prazo o enquista e dificulta a súa resolución (Vega, 2001). Porén, esta problemática require dunha das metas máis difíciles de acadar: a vontade por parte de todos de facelo, a decisión e o liderado suficientes para recoñecer o problema e tomar as medidas necesarias para erradicalo. Aquí, que Barri (2006: 23) sinala:

“É misión dos pais transmitir, desde o nacemento dos seus fillos, certos valores que socialmente están consensuados. A escola, pola súa parte, deberá ocuparse desde idades moi temperáns de traballar estes valores universalmente aceptados e que coincidirán coas normas establecidas, para que as actitudes que se xeneran cumpran a función de respecto da norma, de satisfacción do individuo por coincidir cos seus valores e satisfacción dos outros que integran a comunidade escolar nese momento e dos que integrarán a sociedade no futuro”

REFLEXIÓNS TERMINOLÓXICAS, CONCEPTUAIS E NORMATIVAS

O fenómeno da violencia amosa unha grande variedade de dimensións que van desde o individual ao social, mesturándose con outros termos que describen fenómenos similares, e incluíndo unha gran variedade de condutas problemáticas que se prestan ás valoracións máis diversas en función do momento, o contexto e a perspectiva da comunidade educativa. Isto leva a Bourdieu (1999) a soste que, existe moita manipulación na información sobre este fenómeno, e que non convén falar dela de forma xenérica, xa que na escola como no resto das institucións, prodúcense fenómenos de violencia esporádicos que deben ser interpretados como un fenómeno diferente do que ten lugar noutras entidades.

A violencia na escola ten as súas raíces principais nas propias características en sí da institución (escola tradicional) que xeneran polo seu autoritarismo un ambiente de tensión e de rebelión reprimidos, ou no comportamento e expectativas do alumnado que evolucionou tan rapidamente que na actualidade son apenas recoñecibles se nos situamos desde unha perspectiva anterior (Melero, 1993). Neste senso, Aran et al (2001: 30), sinalan que “a conciencia e a sensibilidade sociais cara a violencia cambian -ou máis ben se acentúan- ao longo da historia. En consecuencia, toda pretensión de tratar a violencia como unha entidade histórica e transcultural é inxenua e equívoca ... Algunhas accións aceptadas e percibidas como un feito normal en sociedades tradicionais son vistas hoxe como formas de comportamento violento completamente inaceptables”.

Pero, a orixe da violencia, indica Diaz-Aguado (2006), debe bosquexarse desde unha perspectiva ecolóxico-evolutiva, en función do ambiente co que o individuo se relaciona a distintos niveis (familiar, escolar, social) e de como superou as tres asignaturas vitais bási-

cas: establecer vínculos sociais de calidade, traballar para acadar o que desexa e facer amigos, sen caer no dominio nen na sumisión. Así, esta mesma autora, sinala que desde a perspectiva ecolóxica -interacción co ambiente- atópase un microsistema escolar [papel dos compañeiros, falta de resposta e conspiración do silencio, tratamento inadecuado da diversidade, a exclusión e a humillación, o profesorado como vítima, curriculum oculto, normas e atmósfera moral da escola], un microsistema familiar [modelos básicos de dominio/sumisión e esquemas coercitivos, falta de habilidades educativas nos pais, escasa calidade de vida e dificultades educativas], as relacións entre os contextos [illamento familiar e reprodución do risco, relación escola-familia-ocio], o papel dos medios de comunicación [como risco e como ferramenta], e as estruturas e crenzas que contribúen á violencia [educación autoritaria, castigo físico,...]. Noutra banda, desde o enfoque evolutivo -cualidades ou problemas individuais- atópanse: a capacidade de establecer vínculos [autorregulación, modelos básicos e confianza]; éxito, fracaso, relacións coa autoridade e capacidade para orientar a conduta cara os obxectivos; cooperación, amizade e relacións cos iguais; motivación pola aprendizaxe e calidade dos vínculos escolares.

Así pois, dado que son moitos os fenómenos que se poden considerar como violentos, compre ter claros os termos e diferenciar os distintos conceptos a utilizar. Nembargantes, aínda que non existe un acordo xeral, definir que é a violencia constitue unha condición previa indispensable no intre de sistematizar, previr ou intervir nos fenómenos da mesma. Fálase de violencia, a nivel social como “o uso intencional da forza ou o poder físico, do feito ou como ameaza, contra un mesmo, outra persoa ou un grupo de comunidade, que cause ou teña moitas probabilidade de causar lesións, morte, danos psicolóxicos, trastornos do desenvolvemento ou privacións” (OMS, 2003: 5). No ámbito escolar, serían aquelas accións que agreden física ou psicoló-

xicamente, marxinan ou excluen (Ortega, 2005), que pretenden causar dano, producidas tanto dun individuo particular a outro como de todo un grupo cara a unha persoa (Olweus, 1998). Na maioría das situacións de violencia escolar, deberían ser utilizados outros conceptos (actitudes disruptivas, acoso, bullying, indisciplina, ...) porque nos remiten a comportamentos máis frecuentes e menos graves, máis fáciles de operacionalizar e definir (Martins, 2005).

Nos derradeiros anos estanse bosquexando diferentes respostas a estes problemas, tanto desde os centros educativos como desde outros ámbitos (administrativo, familiar, social), buscando ter un coñecemento máis exacto e profundo da situación e desenvolvemento de diversas actuacións para dar resposta a esta problemática, chegando incluso algunhas comunidades autónomas a elaborar plans de convivencia como un dos elementos básicos e imprescindibles para a súa comunidade educativa. Estes aspectos están recollidos na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE), nos principios e fins do sistema educativo español, coa educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. No seu preámbulo propónse o exercicio da tolerancia e da liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a súa resolución. A continuación, o Título preliminar, capítulo I, sinala que: “*k) a educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social*” (art. 1), e “*c) a educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica*”. Tamén nos obxectivos xerais das distintas etapas educativas (Título I, capítulos I-II-III-IV-V) aparecen referencias a esta temática: na educación infantil, “*e)relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas*

elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos” (art.13); na educación primaria, “c) adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan” (art. 17); na educación secundaria obrigatoria, “d) fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos” (art. 23); no bacharelato, “b) consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais” (art. 33); e na formación profesional, “c) aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social” (art. 40).

A nivel normativo, reseñar tamén o Real Decreto 275/2007, do 23 de febreiro, polo que se crea o Observatorio Estatal da Convivencia Escolar, que avoga pola construción activa dun ambiente de convivencia escolar adecuado, como unha responsabilidade que debe ser compartida e asumida por toda a comunidade educativa. É considerado un órgano consultivo e colexiado interministerial ao que corresponde, baseándose no principio de cooperación territorial e colaboración institucional, nas situacións referidas ao aprendizaxe da convivencia escolar: elaborar informes e estudos, facer diagnósticos, propor medidas que axuden a elaborar as distintas políticas estatais e fomentar as actuacións que faciliten a mellora do clima escolar e de convivencia nos centros educativos.

Polo miúdo, as normativas son un camiño para que nos centros educativos se cumpran os deberes e se exerzan os dereitos estableci-

dos por todos os membros da comunidade educativa, pero, sendo un elemento imprescindible, non son o único, para contribuir a mellorar a convivencia nos centros e poder así acadar os obxectivos e as grandes finalidades da educación.

3. PLAN GALEGO PARA A CONVIVENCIA: ESTRUCTURA, ANÁLISE E VALORACIÓN

A constatación da progresiva deterioración da convivencia nos centros educativos, a perda de autoridade docente, a insensibilidade social e a percepción dun afastamento entre o discurso e a práctica, levou as administracións educativas á posta en marcha dos plans de convivencia nos centros escolares, uns proxectos de intervención educativa a diferentes niveis pero coa mesma intención: aprender a convivir. Mellorar a convivencia nos centros educativos é unha das finalidades fundamentais da educación que constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura dun mundo máis moderno, xusto e democrático, máis igualitario, cohesionado,... no cal a violencia non teña cabida. Estes plans xerais de convivencia nos centros deben propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, no alumnado, na relación coas familias, e sobre todo, no contexto xeral dos centros escolares. A súa elaboración require un importante esforzo de toda a comunidade educativa, constituindo un reto que cada centro debe asumir, partindo da súa realidade e artellando sobre a mesma as accións propias de mellora, como un aspecto relevante do proxecto educativo de centro (Xunta de Galicia, 2007).

Así, nesta liña, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, recolle no Decreto 85/2007 do 12 de abril (DOG, 08/05/07), a creación e regulamento do Observatorio Galego da convivencia escolar como órgano colexiado de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no

referente a convivencia escolar (*art. 1*), coa finalidade de analizar e propoñer actuacións de investigación, prevención e intervención en relación coa mellora do clima escolar, así como de ser canle de participación de todos os sectores con responsabilidades no tema da convivencia (*art. 2*).

FUNCIÓNS DO OBSERVATORIO

A meta principal do Observatorio é contribuir á mellora do desenvolvemento da actividade escolar nos centros educativos da Comunidade Autónoma Galega, mediante a prevención, análise de conflitos, planificación e coordinación das propostas de actuación. Para o seu cumprimento asígnanselle as seguintes funcións:

- Avaliar sistematicamente a situación da convivencia nos centros, establecendo estratexias para a recollida de información, análise e difusión dos datos, impulsando a investigación neste ámbito.
- Propoñer iniciativas de cara á mellora do clima escolar, elevando propostas de actuación á Administración educativa e realizando o seguimento e avaliación destas iniciativas.
- Informar e asesorar as administracións sobre aspectos normativos relacionados coa convivencia e coas actuacións dirixidas á súa mellora.

- Propoñer liñas de actuación en materia de formación do profesorado no que respecta á convivencia escolar, promover a elaboración de materiais e recursos e facilitar o intercambio de experiencias.


- Asesorar á comunidade educativa nos temas propios do observatorio.

- Elaborar un informe anual sobre a convivencia escolar.

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO OBSERVATORIO

O observatorio organizase en tres niveis: autonómico, provincial e de centro educativo (figura 1). O seu funcionamento a nivel autonómico será en pleno (manterán unha reunión anual ordinaria e as extraordinarias necesarias convocadas pola presidencia coa iniciativa da terceira parte dos membros), en Comisión Permanente, e se consideran oportuno crearanse mesas técnicas de traballo. A nivel provincial funcionar en Pleno, que terá dúas reunións ordinarias anuais - xuño/décembro-, e as extraordinarias necesarias a iniciativa da terceira parte dos membros. A nivel de centro educativo, tamén se funcionará en Pleno que manterá tres reunións ordinarias anuais -unha por trimestre-, e as extraordinarias necesarias a proposta da terceira parte dos membros.

FIGURA 1: Niveis e funcionamento do Observatorio Galego da Convivencia. Elaboración propia.



COMPOSICIÓN E FUNCIONES

A meta principal do Observatorio é contribuir á mellora do desenvolvemento da actividade escolar nos centros educativos da Comunidade Autónoma Galega, mediante a prevención, análise de conflitos, planificación e coordinación das propostas de actuación. Cada nivel (autonómico, provincial, escolar) terá unha composición e funcións específicas, sendo

o nomeamento das persoas integrantes no autonómico e provincial competencia da persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, mentres que nos centros educativos corresponderalle ao director/a, por un período de dous anos renovables por outros dous. Para o seu cumprimento, a **nivel autonómico** tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes, cunha composición e funcións determinadas (cadro 1).

CADRO 1. Composición e funcións do Observatorio (nivel autonómico)

COMPOSICIÓN	
1.	Presidente/a: persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
2.	Vicepresidente/a: persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
3.	Subdirector/a xeral: persoas titulares das restantes direccións xerais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (ou persoas en quen deleguen).
4.	A persoa titular da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (ou persoa en quen delegue).
5.	Unha persoa representante da Dirección Xeral de Xustiza da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con rango de director/a xeral ou subdirector/a xeral.
6.	Unha persoa representante da Secretaría Xeral do Benestar da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar con rango de director/a xeral ou subdirector/a xeral.
7.	Unha persoa representante da Consellería de Sanidade, con rango de director/a xeral ou de subdirector/a xeral.
8.	Unha persoa representante da Alta Inspección de Educación.
9.	Unha persoa representante do Consello Escolar de Galicia.
10.	Unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.
11.	Unha persoa representante da Xunta Autonómica de Directores de centros educativos.
12.	Dúas persoas representantes das confederacións de asociacións de pais e nais (unha de centros públicos e outra de privados concertados).
13.	Unha persoa representante das confederacións de asociacións de alumnado.
14.	Unha persoa representante por cada organización sindical con representación na mesa sectorial docente.
15.	Unha persoa representante da patronal dos centros de ensino privado concertados.
16.	Tres persoas de recoñecido prestixio no referente á convivencia escolar.
17.	Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, designada pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que actuará como secretaria/o, con voz e sen voto.
FUNCIONES	
2.	Avaliar sistematicamente a situación da convivencia nos centros, establecendo estratexias para a recollida de información, análise e difusión dos datos, impulsando a investigación neste ámbito.
3.	Propoñer iniciativas de cara á mellora do clima escolar, elevando propostas de actuación á Administración educativa e realizando o seguimento e avaliación destas iniciativas.
4.	Informar e asesorar as administracións sobre aspectos normativos relacionados coa convivencia e coas actuacións dirixidas á súa mellora.
5.	Propoñer liñas de actuación en materia de formación do profesorado no que respecta á convivencia escolar, promover a elaboración de materiais e recursos e facilitar o intercambio de experiencias.
6.	Asesorar a comunidade educativa nos temas propios do observatorio.
7.	Elaborar un informe anual sobre a convivencia escolar.

Fonte: Elaboración propia a partir do Decreto 85/2007.

A **nivel provincial**, tenderáse tamén a composición equilibrada de mulleres e homes nos membros do Pleno, con composición e funcións propias (cadro 2).

No último nivel, **os centros educativos**, na composición e desenvolvemento do observatorio, pódense subliñar tres fases:

a) *Constitución do Observatorio da Convivencia escolar no centro*, como órgano colexiado para reflexionar e investigar unha relación co estado da convivencia no mesmo e deseñar estratexias que deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima da convivencia escolar. A súa composición e funcións enuméranse no cadro 3.

CADRO 2. Composición e funcións do Observatorio (nivel provincial)

COMPOSICIÓN
<ul style="list-style-type: none"> - Presidencia: Delegado/a provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. - Vicepresidencia: O/A Inspector/a xefe/a do Servizo Provincial de Inspección Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. - O/A delegado/a provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou persoa en quen delegue. - O/A delegado/a da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar, ou persoa en quen delegue. - O/A delegado/a provincial da Consellería de Sanidade, ou persoa en quen delegue. - A persoa especialista en trastornos da conduta do Equipo de Orientación Específico da provincia. - Unha persoa representante dos centros de formación e recursos do profesorado da provincia. - Unha persoa representante da Xunta Provincial de Directores. - Unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias. - Unha persoa funcionaria, designada pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretaria, con voz e sen voto.
FUNCIONS
<ul style="list-style-type: none"> * A elaboración dun informe semestral en que se recolla a análise da convivencia e conflitividade do ámbito da súa provincia, así como as iniciativas provinciais, que será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar a nivel autonómico. * A coordinación de actuacións conxuntas das consellerías implicadas e relacionadas coa mellora da convivencia no ámbito da provincia. * A que outras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Pleno do Observatorio Autonómico da Convivencia Escolar.

Fonte: Elaboración propia a partir do Decreto 85/2007.

CADRO 3. Composición e funcións do Observatorio (nivel de centro escolar)

COMPOSICIÓN	FUNCIONS
<ol style="list-style-type: none"> 2. Director/a do centro (presidencia). 3. Xefe/a de estudos (vicepresidencia). 4. De un a catro representantes do profesorado (incluído o mediador). 5. Orientador/a. 6. Unha persoa da asociación de nais/pais, ou no seu defecto un/unha representante do alumnado. 7. Persoa do consello escolar do centro encargada dos programas de coeducación. 8. Un representante do persoal non docente. 9. Estarán abertos á participación dos: titores/as, profesionais do concello (sanidade, servizos sociais,...). 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Participación na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar. 2. Elaboración dun informe anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no seu ámbito, así como as iniciativas a nivel de centro (trasladado ao Observatorio a nivel provincial). 3. Coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionados coa mellora da convivencia. 4. Propoñer á Administración educativa as medidas oportunas para mellorar a convivencia no centro 5. Aqueloutras encomendadas pola Administración ou o Observatorio provincial.

Fonte: Elaboración propia a partir do Decreto 85/2007.

b) *Realización dunha avaliación inicial:*

- Aspectos básicos da avaliación inicial (clarificación de conceptos, análise de situacións, ...).
- Avaliación de necesidades (triangulación metodolóxica: técnicas de cuestionarios, técnicas cualitativas e análise de documentos).

c) *Elaboración e posta en práctica do plan:*

- Posibilidades de traballo (análise e clarificación conceptual, formación do profesorado, habilidades comunicativas e de relación: linguaxe asertiva, problemas existentes, liñas e accións propostas ou existentes, constitución de equipos, ...).
- Documentos de autonomía pedagóxica, organización e xestión: O plan de convivencia escolar e a súa incidencia no regulamento de réxime interior (RRI) nos seguintes bloques: principios educativos (dereitos e deberes do alumnado, finalidades educativas), estrutura pedagóxica (criterios de adscrición, horarios,... do profesorado, funcionamento dos equipos docentes, distribución e escolarización do alumnado, medidas específicas de atención ao alumnado diverso, control, xustificación e forma de ausentarse do centro), participación das familias (procedementos de implicación e participación), normas de convivencia e de relación (tipificación de condutas: graves, leves,..., expedientes disciplinarios,...); e no plan de acción tutorial (PAT) con referencias explícitas nos: obxectivos, actuacións e programas de acción tutorial.
- Avaliación do plan de convivencia: actuación, responsable/s, prazo, recursos, Grao de consecución (1,2,3) e observacións.

O plan denomínase “Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia”,

e parte dunhas consideracións terminolóxicas e conceptuais (conflicto, convivir, disciplina,...), fai unha breve análise do contexto escolar da violencia (Informe do Consello Escolar e expedientes disciplinarios), fixa os obxectivos (desenvolver nos centros educativos da comunidade os valores e a práctica dunha cidadanía responsable...), especifica os ámbitos de actuación (prevención e intervención), e establece unha temporalización a tres anos, ata xuño de 2010. Nas súas propostas de actuación presenta un paquete de doce medidas desenvolver, das cales as seis primeiras fan referencia a creación, incidencia, coordinación, accións conxuntas e o papel que deben desenvolver os departamentos de orientación e a inspección educativa nesta temática (cadro 4).

As seis medidas seguintes van encamiñadas a formación do profesorado, proxectos de innovación, colaboración coa familia, materiais e recursos, recomendacións e a sensibilización da poboación de referencia (cadro 5).

Ademáis, conta cunha guía para a elaboración do plan de convivencia dos centros, un cuestionario de convivencia escolar nos centros de ensino, un modelo de información sobre posibles casos de acoso escolar, unha ficha dos posibles indicadores escolares sobre posibles casos de acoso escolar, uns indicadores familiares sobre posible caso de acoso escolar, un modelo de informe de acoso escolar, un rexistro de datos sobre os sucesos acontecidos, un protocolo de actuación unha vez detectado o acoso, unha guía para a clarificación de posibles problemáticas nos centros, e sociogramas: indicadores do clima da aula, cuestionario sociométrico para nenos e nenas (6-10), adolescentes (11-13), adolescentes (14-18).

Tamén son asignadas, no citado Decreto 85/2007, funcións específicas á presidencia, vicepresidencia e membros do Observatorio Galego da Convivencia Escolar (cadro 6).

CADRO 4. Medidas de actuación (I)

<i>MEDIDAS</i>	<i>ACTUACIÓN</i> S	<i>RESPONSABLES</i>	<i>PROCEDEMENTOS</i>
1ª. CREACIÓN DO OBSERVATORIO GALEGO DA CONVIVENCIA ESCOLAR.	Tres niveis de funcionamento: autonómico, provincial e centro educativo.	Consellería de E.e O.U.	Publicación DOGA
2ª. ANÁLISE PERIÓDICA DA INCIDENCIA.	Estudos periódicos (Elaboración investigacións) Informe anual (Elaboración de informe)	Consellería de E. e O.U. Observatorio Galego da Convivencia	Realización de investigacións Elaboración de informes
3ª. COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL.	Colaboración entre Administracións (roldas de contacto) Plans locais de coordinación (espazos e protocolos de actuación)	Consellería e responsables da distintas Administracións (sanidade, presidencia, igualdade e benestar, xustiza, locais,...)	Compromisos de colaboración (acordos, convenios, protocolos...) Crear espazos de coordinación interinstitucional.
4ª. ACCIÓN S DIRIXIDAS AO CENTRO NO SEU CONXUNTO.	Colaboración outras institucións (recursos e medidas) Observatorio da convivencia (comunidade educativa) Plan de convivencia no centro (avaliación, deseño,...) Regulamento de réxime interior (elaboración, avaliación)	Consellería, e equipos directivos, consellos escolares, claustros de profesores, Dirección Xeral de Educación e Innovación Educativa, Inspección, Comisión Pedagóxica, Departamentos de Orientación, ...	Publicación DOGA Aprobación, incorporación, supervisión, asesoramento, ... do plan de convivencia aos distintos documentos ou programacións dos centros.
5ª. PAPEL DOS SERVIZOS DE ORIENTACIÓN.	Plan de acción tutorial (ámbitos, coordinación,...) Absentismo escolar (colaboración, medidas de apoio,...) Proxecto Educativo de Centro (revisións,...)	Equipos directivos, docentes, claustros, Consellería, Departamento de Orientación, Equipo Específico, ...	Revisións, adecuación, elaboración, análise de necesidades, actualización, propostas, ... para a convivencia.
6ª. A INSPECCIÓN EDUCATIVA.	Xestión democrática da convivencia (mecanismos,...) Dinamización das medidas (revisión, promoción,...) Servizos de Orientación (liñas de traballo, reforzos,...) Equipos de Orientación Específicos (asesoramento,...) Plan xeral de inspección educativa (liñas prioritarias, asesoramento, presenza activa,...)	Subdirección Xeral de Inspección, Inspección Educativa Provincias.	Establecemento de liñas prioritarias e actuacións.

Fonte: Elaboración propia. Plan Integral de mellora da convivencia escolar en Galicia. Xunta de Galicia, 2007.

CADRO 5. Medidas de actuación (II)

<i>MEDIDAS</i>	<i>ACTUACIÓNS</i>	<i>RESPONSABLES</i>	<i>PROCEDEMENTOS</i>
7ª. A FORMACIÓN DO PROFESORADO.	Formación inicial (análise de plans, inclusión propostas) Formación permanente (módulos formativos, oferta,...)	Dirección Xeral de Ordenación e Calidade. Consellería. Responsables da formación.	Análise, propostas, incentivar e facilitar a formación.
8ª. PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.	Convocatorias de proxectos e premios de innovación.	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.	Establecemento no plan VALORA dunha liña de premios dedicados a esta temática.
9ª. COLABORACIÓN COAS FAMILIAS.	Propiciar e incentivar a participación. Establecemento de mecanismos áxiles de intervención e decisión.	Equipos Directivos. Consello Escolar. Asociacións de pais e nais. Consellería.	Promoción e dinamización de escolas de pais/nais. Establecer protocolos de escolarización.
10ª. MATERIAIS, PROGRAMAS E RECURSOS.	Crear un banco de recursos e a difusión dos seus materiais. Difusión de principios e pautas de comportamento dirixidas aos distintos sectores.	Consellería de E. e O.U. Observatorio Galego da Convivencia Escolar.	Difusión mediante o portal educativo e medios impresos.
11ª. RECOMENDACIÓNS.	Realización de accións divulgativas. Difusión das boas prácticas educativas.	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.	Elaboración de recomendacións aos diferentes organismos. Organización de campañas de sensibilización e colaboración. Publicación e espallamento das actuacións innovadoras ou valiosas.

Fonte: Elaboración propia. Plan Integral de mellora da convivencia escolar en Galicia. Xunta de Galicia, 2007.

Espérase do Observatorio galego, un impulso serio á actualización da normativa, situación e actuación da convivencia en todos os centros, recoñecendo como compoñentes esenciais do feito educativo a autoridade do profesorado e a actitude disciplinada do alumnado, nun clima

de mutuo respecto. Tamén debe impulsar medidas que recoñezan a dignidade e o valor social das tarefas realizadas polos profesores/as que impulsen a colaboración entre a familia e a escola, e faciliten ao alumnado o recoñecemento real das súas posibilidades.

CADRO 6. Funcións específicas da presidencia, vicepresidencia e membros do Observatorio

PRESIDENCIA
<ul style="list-style-type: none">* Representación do observatorio, se segundo como corresponda, actuando como seu voceiro/a.* Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, así como a fixación da orde do día.* Presidir as reunións e moderar o desenvolvemento destas.* Garantir o cumprimento das disposicións legais establecidas no decreto 85/07.
VICEPRESIDENCIA
<ul style="list-style-type: none">* Substituír a presidencia no caso de vacante, enfermidade, ausencia e outras causas de imposibilidade.* Cantas funcións lle sexan delegadas pola presidencia.
MEMBROS
<ul style="list-style-type: none">* Asistir ás reunións e participar nos debates, expoñendo a súa opinión e formulando as propostas que consideren convenientes.* Proponerlle á presidencia, a través da secretaría, a inclusión de puntos na orde do día das sesións ordinarias e formular rogos e preguntas. Cando a proposta de inclusión na orde do día sexa presentada por un terzo dos membros, o tema incluírase na devandita orde do día.

Fonte: Elaboración propia a partir do Decreto 85/2007.

4. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

A violencia nos centros, a día de hoxe, é unha das ameazas máis graves que ten o sistema escolar, que non pode abordarse soamente por vía represiva (risco de multiplicarse e facerse máis graves), senón que os centros educativos deben asumir a xestión da convivencia e a súa aprendizaxe como unha das tarefas docentes ineludibles. Depositaren neles toda responsabilidade supón unha esixencia desproporcionada que desborda as súas posi-

bilidades reais, o que nos leva a afirmar que a promoción da convivencia é tarefa de todos. Considérase que non é válida a represión nen a derivación dos conflitos cara ás instancias xurídicas, pero tampouco o é a postura de ignoralo ou ocultalo, porque a longo prazo o enquistado e dificulta a súa resolución (Vega, 2001), daquí que a resposta educativa deba ir encamiñada a “afrontalo de forma positiva e non violenta” (Jares, 1999).

En calquera caso, previr mediante a sensibilización como primeiro paso, analizando a

posible orixe das condutas violentas, as súas causas e a súa evolución nos últimos tempos desde un clima escolar positivo, é un dos primeiros obxectivos para mellorar a convivencia nos centros. Enténdese que, a violencia non é un comportamento natural, senón unha actitude aprendida mediante a socialización (Alberdi & Rojas, 2005), daqui a importancia de actuar desde as idades máis temperás para erradicar o fenómeno, incidindo nunha perspectiva máis preventiva que terapeutica do problema (antídotos). A aprendizaxe e o exercicio destes valores deben ter o seu reflexo desde os primeiros anos de desenvolvemento da persoa cando se constrúen as bases que determinan, en boa medida, a súa persoalidade futura “..., as sementes da violencia bótanse nos primeiros anos de vida, cultívanse e desenvólvense durante a infancia e comezan a dar os seus froitos malignos na adolescencia. Estas sementes nótrense e medran impulsadas polas mensaxes e agresións do contorno social ata chegaren a formar parte do carácter do adulto” (Rojas, 2005: 90).

Os centros escolares son ambientes propicios para que xurdan conflitos, porque neles se atopan cara a cara grupos de adolescentes que ocupan diferentes posicións nun mesmo espazo social, dividido por subculturas e distintas formas de consumo, que gardan relación cunha traxectoria curricular común (Vega, 2001). Nembargantes, a prevención débese traballar desde os tres axentes fundamentais: familia-escola-medios de comunicación (Alberdi & Rojas, 2005). A maior dificultade reside en combinar os esforzos dos centros escolares co ambiente familiar e os

medios de comunicación. Como suxire Vega (2001), a escola dispoñe de recursos para responder ás necesidades propostas polos diferentes conflitos, en primeiro lugar os recursos e servizos ordinarios, e en segundo lugar os recursos especiais ou necesidades específicas en situacións máis complicadas. Utilizar os recursos normais dos que dispón a escola, constitúe a mellor resposta á conflictividade: acción tutorial, educación para os dereitos humanos como transversal, proxecto educativo de centro, etc.

Así, a principal finalidade para mellorar a convivencia e a calidade nos centros educativos é a redución da conflictividade nos mesmos. Neste aspecto parece haber consenso, e tamén na maneira de abordar o problema co desenvolvemento de programas de prevención e intervención aplicables á realidade educativa, con programas de reeducación baseados en principios pedagóxicos tales como: maior interese polos nenos, profesionalización das intervencións, normalización, intervención educativa (socialización e integración), intervencións positivas (autoimaxe positiva), seguridade e confianza, actividade (física e mental), recoñecemento das garantías e dereitos (lexislación), normatividade e responsabilidade (programas educativo-formativos), e compensación de carencias. A nivel teórico, dispónse dun amplo repertorio de medidas e recursos para responder aos retos da convivencia nos centros educativos, pero deben levarse a cabo na práctica educativa no eixo profesor-familia-administración, e non só docente (cadro 7).

CADRO 7. Medidas para a convivencia nos centros escolares

PROFESORADO
<ul style="list-style-type: none">- Educar en valores establecendo programas ao respecto.- Intervir ante calquera situación disruptiva.- Apoio de todo o equipo docente.- Elaboración de regulamentos de réxime interno: operativos, prácticos, sinxelos e consensuados entre toda a comunidade educativa.- Establecemento nos centros educativos de plans de prevención da conflictividade e violencia.- Aprender as técnicas axeitadas e entrenarse para aplicarlas correctamente.- Formación do profesorado na xestión de conflitos e mediación no ámbito educativo como proposta complementaria.- Incrementar a viviancia do alumnado coa participación de persoal docente ou axudantes da docencia nos patios, acceso a servizos, escaleiras, ...- Comunicación destas situacións a que corresponda cando non se poidan resolver con recursos propios.- Existencia de protocolos de intervención.- Comunicación constante coas familias.
PAIS /NAIS
<ul style="list-style-type: none">- Ser conscientes de que son os primeiros en educar e responsables dos primeiros valores cos que se socializa o neno.- Comunicación constante cos fillos e interese polos seus problemas e necesidades.- Educar aos fillos na responsabilidade, a perseverancia, o esforzo e no respecto ao demais.- Filtrar os estímulos que lle chegan aos seus fillos, tanto de diferentes medios audiovisuais como a través da súa relación cos seus iguais.- Recabar axuda de profesionais do ámbito da psicoloxía ou pedagogía para que interveñan na forma máis axeitada a cada caso.- Participar en actividades conxuntas con outros pais e membros da comunidade educativa e intervención en escolas de pais.- Evitar a sobreprotección e educalos na autonomía persoal.- Por aos fillos os límites que correspondan para unha integración na sociedade na que será necesario ter en conta que hai cousas que se poden facer e outras non.- Implicarse de maneira efectiva na reeducación dos valores dos seus fillos cando sexa necesario a través da detección desta necesidade polo profesorado e profesionais que deben atoparse nos centros para atender as necesidades desta índole.
ADMINISTRACIÓN
<ul style="list-style-type: none">- Normativas axeitadas.- Persoal capacitado.- Formación do profesorado.- Resolver o problema da perda de autoridade dos docentes.- Desenvolvemento de campañas de dignificación do traballo docente que desenvolva no profesorado a autoestima e que recoñezan a importancia do seu traballo.- Melloras condicións para a intervención en casos de conflitos escolares.- Dotar ao profesorado de estratexias na xestión de conflitos.- Creación de comisións disciplinarias operativas, con competencias para tomar decisións correctivas inmediatas ante aquelas condutas que degradan a convivencia escolar ou a dignidade do profesor.- Creación da figura de asesores para a educación na convivencia.- Modificar a normativa sobre dereitos e deberes.- Dotar ao claustro de competencias específicas na resolución de conflitos.- Mellora das condicións de traballo do profesorado nas escolas.- Diminución das ratios para unha mellor atención dos alumnos.- Maior autoridade e capacidade de toma de decisións dos equipos directivos, en delegación das competencias do claustro.- Apoio psicolóxico, legal e administrativo a profesores e alumnos agredidos.- Plans estratéxicos para a colaboración entre os centros educativos, os servizos de asistencia social e os corpos de seguridade, establecendo plans preventivos e protocolos de intervención en casos graves.- Establecemento de protocolos de intervención con pais e profesores que lles capaciten para actuar ante calquera conduta disruptiva.- Fomento de políticas sociais de desenvolvemento familiar, que permitan as familias ter expectativas de promoción persoal na sociedade.- Dotación en número suficiente de orientadores familiares para fogares desestruturados.- Priorizar a inversión en centros públicos.

Fonte: Elaboración propia a partir de BARRI, 2006.

5. BIBLIOGRAFÍA

- Alberdi, I. & Rojas Marcos, A. (2005). *Violencia: tolerancia cero*. Barcelona: Obra Social, La Caixa.
- Aran, S.; Barata, F.; Busquet, J. & Medina, P. (2001). *La violencia en la mirada. L'anàlisi de la violència a la televisió*. Barcelona: Tripodos, Universitat Ramon Llull.
- Barri Vitero F. (2006). *SOS BULLYING: Prevenir el acoso escolar y mejorar la convivencia*. Praxis: Monografías Escuela Española.
- Boqué Torremorell, M. C. (2007). La convivencia en los centros: programas y actuaciones. *Saudiña*, 13, Xunta de Galicia, 14-18.
- Bourdieu, P. (1999). *Contrafuegos*. Barcelona: Anagrama.
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG, 08/05/07).
- Díaz-Aguado, M. J. (2005). Por qué se produce la violencia escolar y cómo prevenirla. *Revista Iberoamericana de Educación*, 37, 17-47.
- Díaz-Aguado, M. J. (2006). *Del acoso escolar a la cooperación en las aulas*. Madrid, Pearson: Prentice Hall.
- Jares, X. R. (1999). *La educación para los derechos humanos*. Madrid: Popular.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE, 04/05/06).
- Martins, M.J. (2005). O problema da violència escolar: uma clarificação de vários conceitos relacionados. *Revista Portuguesa de Educação*, Vol. 18, 1, Universidade do Minho, 93-105.
- Melero Martín, J. (1993). *Conflictividade y violencia en los centros escolares*. Madrid: Siglo XXI.
- Monclús Estella, A. & Saban Vera, S. (2006). *La violencia escolar: actuaciones y propuestas a nivel internacional*. Mataró (Barcelona): Davinci.
- Olweus, D. (1998). *Conductas de acoso y amenaza entre escolares*. Madrid: Morata.
- Organización Mundial de la Salud (2003). *Informe Mundial sobre la violencia y la salud*. Ginebra: OMS.
- Ortega Ruíz, P. (2005). Educación e Conflito. *Revista Galega do Ensino*, 45, Xunta de Galicia, 27-47.
- Pino Juste, M. (2002). Estratexias pedagóxicas para a resolución de conflitos na aula, *Revista Galega do Ensino*, nº. 35, Xunta de Galicia, 199-214.
- Real Decreto 275/2007, de 23 de febrero, por el que se crea el Observatorio Estatal de la Convivencia Escolar (BOE, 15/03/07).
- Rojas Marcos, L. (2005). Sementes e antidotos da violencia na intimidade. En I. Alberdi & A. Rojas. *Violencia: tolerancia Cero*. Barcelona, Fundación "La Caixa".
- Sanmartín, J. (2005). *¿Es posible un mundo sin violencia?*. Valencia: Centro Raíña Sofía para o estudo da violencia.
- Smith, P.K. & Sharp, S. (Eds.) (1995). *School Bullying. Insights and Perspectives*. London: Routledge.
- Uruñuela Nájera, P. (2006). Convivencia y conflictividad en las aulas. Análisis conceptual. En A. Moreno (Dir.). *La disrupción en las aulas: problemas y soluciones*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia, 17-45.

Vega Fuente, A. (2001). Conflictos na ESO: desde o medo á acción educativa. *Revista Galega do Ensino*, nº. 32, 235-249.

Xunta de Galicia (2007). *Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Zabalza Beraza, M.A. (1999). *A convivencia nos centros escolares de Galicia. Cursos 96-97 e 97-98*. Consello Escolar de Galicia. Informes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia: Santiago de Compostela.